A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicáselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. 9361804NH196S)

PRP2023/1332

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. María José Rey Piñeiro, para acometida á rede municipal de auga na Rúa do Rianxeiro nº 6 (Ref. cat. 9552242NH1195S0001SM), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga dispórase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Expte. URB/2023/000232)

PRP2023/1353

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Ignacio Piñeiro de la Torre en representación de D. Óscar Rodríguez Vázquez, para legalización das obras de impermeabilización de tellado e cambio de material de cubrición, sen modificación de volume nin estrutura, na Rúa Cervantes de Carril nº 14 (Ref. Cat. 8583420NH1188S0001LQ).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D.

1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Dése conta ao Departamento de Disciplina Urbanística ós efectos oportunos en relación ao expediente aberto DISC/2021/000130 por realización de obras de impermeabilización de tellado sen título habilitante municipal.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2022/000081)

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

PRP2023/1278

Informar favorablemente a solicitude de D. Gerardo Seoane Fidalgo en representación de D. Daniel Pardo Dacosta, vistos os informes técnico e xurídico, para construción de vivenda unifamiliar, no lugar de Rúa da Cultura nº 11, de conformidade co proxecto básico e de execución do Arquitecto D. Gerardo Seoane Fidalgo (visado coa data 21/09/2022). En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo urbano. Ordenanza de aplicación OIPA
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: vivenda unifamiliar
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 6,50 m.
4. Orzamento de execución material: 80.781,62 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 7746106NH1174N0001AD
6. Técnicos directores das obras: Arquitecto D. Gerardo Seoane Fidalgo

Arquitecto Técnico D. J. Francisco García Gil
Director das obras D. Gerardo Seoane Fidalgo
Coordinador de Seguridade e Saúde D. J. Francisco

García Gil

- De conformidade co disposto no **Art. 145 da LSG** o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (**Art. 145.2 LSG e**

359 do RLSG)

- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- **A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.**
- **De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.**
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no **Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción** e demais normativa ao respecto.
- Rematadas as obras, e con carácter previo a súa ocupación, deberá formularse comunicación previa de primeira ocupación (**Art. 142.3 LSG**) aportando a documentación esixida no **Art. 356. 3 do RLSG**(*Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, suscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente. Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración*). (Expte. URB/2022/000239)

PRP2023/1343

Informar desfavorablemente a solicitude presentada por D, Carlos Guillermo Bregua López, para legalización das obras executadas na vivenda sita na Trav. Xeneral Pardiñas nº 5 - Vilaxoán con Ref. Catastral 7552113NH1175S0001OG, en base **ó informe técnico emitido ao respecto con data 21/03/2023 que dí:**

" (...)

“- Segundo os datos que constan no expediente D34/13 de reposición da legalidade urbanística incoado a don Carlos Guillermo Bregua López, as actuacións executadas no inmovible de referencia, demolición e reforma, acadan o seu baleirado interior total e posterior reconstrución.

Polo tanto o proxecto de legalización deberá contemplar os capítulos correspondentes ás obras xa executadas e os das pendente de executar. O contido do proxecto acadará o disposto na lexislación xeral e normativa específica vixente que regula eses aspectos dos proxectos técnicos de edificación , e disporá de visado colexial.

Esta cuestión xa foi indicada nos meus informes de datas 21.11.2014, 18.05.2016 e 12.05.2021.

- *No que se refire ao cumprimento da normativa sobre habitabilidade de vivendas , Decreto 29/2010 de 4.03.2010 temos os seguinte: Como xa se dixo en anteriores informes considero que a xustificación do Decreto 29/2010 non é correcta por canto:*

- *A memoria de xustificación que se achega con data 13.08.2021 non contén unha xustificación dos motivos que imposibilitan ou aconsellan o incumprimento das determinacións do decreto 29/2010 para as que se solicita a excepcionalidade.*
- *Así mesmo non se ten acreditado que se dean as condicións para a concesión da excepcionalidade referida ao punto I.A.2.4 detectándose contradicións nalgúns parámetros (alturas interiores) nos documentos que constan no expediente (Proxecto de rehabilitación de cuberta e acabados interiores-exteriores en vivenda unifamiliar redactado polos arquitectos técnicos don Francisco Trigo Durán e dona Paula M. Nantes González, con visado colexial do 1.06.2012 e, por outra banda, o Proxecto de Legalización dunha vivenda unifamiliar redactado por don Constancio Plaza Berguices con visado colexial do 25.01.2016.*
- *Por último indicar que a solicitude de excepcionalidade deberá estar subscrita polo promotor das obras. Visto o anterior, debo concluír que a documentación correspondente ao proxecto técnico e demais documentación complementaria presentada, resulta insuficiente ou incorrecta, emitindo informe desfavorable sobre a legalización solicitada”*

E o informe xurídico emitido coa data de 04/04/2023 que dí:

"(...)

Con data 21.03.2023 o arquitecto técnico municipal emitiu informe no que, en síntese, veu a poñer de manifesto que o proxecto de legalización achegado non reúne, pese aos diversos requirimentos de documentación efectuados no marco do expediente, o contido esixido a este tipo de proxectos, así como que o mesmo tampouco se axusta ao ditaminado pola normativa de habitabilidade vixente.

En materia de proxectos de legalización existe unha consolidada doutrina xurisprudencial pola que se ven a determinar o contido que debe reunir un proxecto de legalización co que se pretende dotar cobertura xurídica a unhas obras iniciadas sen título administrativo habilitante ou sen axustarse ao outorgado, tal e como resulta ser o caso.

Neste senso pódense citar a **Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª- núm. 529/2004 do 24 de xuño . JUR 2005\197736** <<Como ha declarado reiteradamente esta Sala, así como las licencias para construcciones a realizar se conceden confrontando con la normativa urbanística aplicable el contenido de un proyecto técnico, en las de legalización es necesario que ese proyecto no sea algo abstracto sino que refleje la realidad constructiva ya existente, de tal forma que si algo de lo ya construido no se ajusta a legalidad es imprescindible que se contemple su demolición. En el presente caso las fotografías que obran en los autos ponen de manifiesto, y el informe pericial emitido en el proceso lo corrobora, que se construyó un único edificio, cuya estructura no tiene solución de continuidad>> e **Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-administrativo, Sección Segunda, nº 726/2016, do 7 de decembro rec. 4230/2016** <<(…)Así, la ejecución ha de incluir tal demolición y tal reposición, de manera que la inejecutabilidad que se pretenda apoyar en un otorgamiento de licencia, exige que la legalización se efectúe, no sólo sobre un teórico proyecto, sino sobre la realidad de las obras que en su día ya fueron ejecutadas, debiéndose precisar en tal legalización si la misma comprende las obras ya realizadas, incluido el aspecto sobre respeto de la rasante natural del terreno (...)>>.

Do maxisterio expresado nas Sentezas citadas despréndese que un proxecto de legalización non pode ser abstracto senón que debe reflexar a totalidade das obras xa executadas e as pendentes de executar, así como xustificar a súa plena adecuación a normativa urbanística vixente ao tempo de solicitarse a legalización.

Na medida que o proxecto de legalización aquí achegado non cumpre esta premisa, ao que debe engadirse que tampouco se axusta o NHV201, debe informarse desfavorablemente a solicitude de licenza de legalización formulada. (Expte. URB/2012/000433)

PRP2023/1354

- Con data 31/03/2022 (RE 2022002162) solicitase licenza para campamento de turismo na Rúa dos Lombos nº 8, acompañada de:

- Proxecto técnico reformado de Campamento de Turismo, redactado polo Arquitecto D. José M^a Fernández Dapena, asinado electrónicamente o 31/03/2022.
- Escritura de agrupación de data 02/12/2021

- Solicitud xenérica de data 31/03/2022 (RE 2022002163) aportando informes sectoriais.

- Solicitud xenérica de data 31/03/2022 (RE 2022002164) aportando proxectos reformados.

- Solicitud xenérica de data 08/04/2022 (RE 2022002408) acompañada de:

- - Documentación administrativa diversa e xustificante de pago de taxa.

- Solicitud xenérica de data 08/04/2022 (RE 2022002409) acompañada de:

- - Escrito asinado por D. Alejandro Rodríguez Miguens en data 08/04/2022.
- - Resolución do Servizo de Urbanismo, Xefatura Territorial de Pontevedra, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de data 07/04/2022.

- Con data 2/08/2022 (Rex. WEB2022005169) achégase a seguinte documentación:

- Proxecto básico refundido de campamento de turismo, redactado polo arquitecto D. José M^a Fernández Dapena, asinado electrónicamente o 2/08/2022.
- Escrito de contestación asinado por D. Alejandro Rodríguez Miguéns e Dna. María Adriana Honorato o 2/08/2022.
- Contestación á consulta sobre norma UNE de aplicación ás instalacións estables, destinadas a aloxamento temporal, nos campamentos de turismo, asinada por D. Iván Meléndez Medela, xefe da Área de Inspección Turística en data 1/08/2022.

- Con data 23.09.2022 o arquitecto técnico municipal emitiu informe en relación coa documentación achegada telemáticamente (WEB 2022005169 do 02.08.2022), consistente en:

- .- “ Proxecto básico refundido de campamento de turismo”, redactado polo arquitecto don José María Fernández Dapena asinado electrónicamente o 2.08.2022.
- .- Escrito de contestación asinado o 2.08.2022 por don Alejandro Rodríguez Miguéns e dona María Adriana Honorato
- .- Contestación a consulta sobre norma UNE de aplicación ás instalacións estables, destinadas a aloxamento temporal, nos campamentos de turismo, asinado por don Iván Meléndez Medela, xefe da Área de Inspección Turística en data 1.08.2022”.

No informe do arquitecto técnico municipal solicítase a emisión de informe xurídico no particular referente a forma de proceder ante a inexistencia da norma UNE á que se remite o Art. 2.2 do Decreto 159/2019, de aplicación en virtude de remisión efectuada polo Art. 35.1.d) da LSG, en redacción dada por Lei 18/2021, do 27 de decembro, de Medidas Fiscais e Administrativa.

Mediante escrito achegado telemáticamente (WEB 2022006964 do 6.10.2022) a interesada solicita ampliación do prazo conferido para responder ao informe do técnico municipal.

Mediante escrito achegado telemáticamente (WEB 2022007243 do 19.10.2022) incorporase ao expediente:

- Escrito de contestación a requirimento asinado electrónicamente o 18.10.2022, polo arquitecto don José María Fernández Dapena.
- Plano 6*.- “ Planos de cabañas campamentos- Planos de servicios campamento” asinado

electrónicamente o 18.10.2022 polo arquitecto don José María Fernández Dapena.

- Escrito de alegacións asinado electrónicamente o 19.10.2022 por don Alejandro Rodríguez Miguéns e dona María Adriana Honorato o 19.10.2022.

- Con data 14.11.2022 emitiuse informe xurídico propoñéndose, ante as dúbidas interpretativas en relación coa esixencia de homologación do Art. 2.2 do Decreto 159/2019, solicitar o asesoramento e a emisión de informe pola Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo conforme ao previsto no Art. 2.1.b) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo (Decreto 36/2022), de modo que a Comisión Permanente emita o informe correspondente (Art. 10 Decreto 36/2022).

Mediante escrito con R.S 2022010349 do 25.11.2022 solicitouse a emisión de informe da Axencia Galega de Turismo, en relación con esixencia de homologación do Art. 2.2 do Decreto 159/2019

Mediante escrito con R.S 2022010350 do 25.11.2022 solicitouse a emisión de informe da Comisión Permanente da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en relación con esixencia de homologación do Art. 2.2 do Decreto 159/2019

- Con data 12.12.2022 e nº de rexistro 2022016322 tivo entrada no Concello Informe do Xefe da Área de Inspección Turística da Axencia Galicia de Turismo do 12.12.2022 no que se conclúe: “ (...) Neste aspecto debemos indicar que non existe na actualidade norma UNE que regule estas instalacións estables destinadas ao aloxamento temporal. Polo tanto, mentres non exista esa norma UNE, non se esixirá. Polo tanto, o citado artigo 2.2 non será esixible pola Administración Turística Galega á hora de autorizar a apertura dun campamento de turismo que conte con construcións estables destinadas ao aloxamento temporal, en tanto en caso non exista norma UNE aplicable a este tipo de instalacións”

- Con data 19.12.2022 e nº de rexistro 2022016618 tivo entrada no Concello Informe da Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do 16.12.2022 no que se conclúe que a consulta excede do ámbito urbanístico, por canto non supón a aplicación e interpretación da normativa urbanística vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, senón da lexislación en materia de turismo, polo que non ten encaixa nas funcións atribuídas á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

- Con data 02.03.2023 o arquitecto técnico municipal emite informe, no que se sinala:

“ (...)Visto o escrito en contestación á consulta elevada a Turismo de Galicia, no que se indica que : “non existe na actualidade norma UNE que regule estas instalacións estables destinadas a aloxamento temporal. Polo tanto, mentres non exista esta norma UNE, esta non se esixirá” semella que esta resposta decántase pola interpretación A) que consta no informe xurídico asinado por don Calixto Escariz de data 14.11.2022, polo considero que deberá someterse novamente ao seu informe.

Así, mesmo indicar que comparto o criterio de que non se pode esixir o que non existe, se ben tampouco se debería aprobar lexislación na que se esixe homologación correspondente a unha norma que non existe (...)

(...) 1 Cumprimento do proxecto presentado no que se refire ao Decreto 159/2019.

1. Artigo 2.2 “ Enténdese por instalacións estables , destinadas a aloxamento temporal , as instalacións de elementos fixos prefabricados de madeira ou similares tipo cabana, bungaló ou outros elementos transportables ou

desmontables, sempre que se trate de edificacións independentes ou pareadas, de planta baixa”. Segundo a memoria e documentación gráfica do proxecto, cúmprese co disposto no artigo 2.2.

2. *Artigo 6.3.- “ As instalacións estables tipo bungaló ou móbil home, deberán contar polo menos con conexión de subministración eléctrica e toma de auga apta para o consumo humano. A capacidade das instalacións estables non poderá ser inferior a 6 metros cadrados por praza e un máximo de 8 prazas. Deberán contar, ademáis, con aseo propio e ventilación directa.” _ Visto o indicado neste apartado, as instalacións que se proxectan dispoñen duna programa non adaptado ao disposto no Artigo 6.3, xa que en ningún caso se establece a existencia de “ cociña” nas instalacións estables.*
3. *Artigo 31.- “ A inclusión en cada unha das categorías sinaladas efectuaranse en función das instalacións, equipamentos e servizos ofertados conforme ao Anexo I. Segundo consta no informe de Turismo de Galicia o campamento que se proxecta inclúese na Categoría de “ 1 estrela” e as súas instalacións, equipamentos e servizos cumpren co establecido no Anexo I para a devandita categoría. (...) 2.- Cumprimento da lei 2/2016 do solo de Galicia, en especial os seus artigos 35,36 e 39, así como o establecido no seu regulamento D143/2016, artigos 50,51,59 e 61:*

2.1 Artigo 35 LSG (50 RLSG).-

O artigo 7 da lei 18/2021 do 27.12.2021 de medidas fiscais e administrativas modificou a lei 2/2016 como segue: Modifícase a letra d) do número 1 do artigo 35 que queda redactada como segue: “ d) Campamento de turismo coas obras e, servizos e instalacións previstas na normativa vixente en materia de turismo, así como zonas especiais de acollida para autocaravanas e caravanas en tránsito, conforme ao establecido na devandita normativa e as instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado , de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre coas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate”.

O uso que se describe no proxecto que se achega coa solicitude , tería encaixe dentro do contemplado no artigo 35.1.d) da lei 2/2016 coa modificación introducida na lei 18/2012, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas na normativa de turismo, no presente caso D/159/2019, que xa foi analizado anteriormente, así como o resto dos parámetros e condicións recollidas na lei do solo 2/2016 e no seu regulamento.

2.2 Artigo 36 LSG (51 do RLSG).-

Constan no expediente as autorizacións e informes favorables dos órganos que ostentan a competencia sectorial referida aos solos rústicos de especial protección de costas e de infraestruturas, así como do informe do Instituto de Estudos do Territorio e da Consellería de Turismo.

Debe indicarse que as autorizacións e informes favorables que se teñen emitido polos distintos órganos que ostentan as competencias sectoriais, non se refiren ao cumprimento da lei do solo 2/2016, se non unicamente á normativa sectorial correspondentes (costas, infraestruturas, paisaxe e turismo).

2.3 Artigo 39 LSG (59 do RLSG).-

No proxecto presentado coa solicitude e demais documentación complementaria, considero que se dá resposta ao esixido nos apartados a) b) e c) do artigo 39 da LSG, a) e b) do artigo 59 e apartados 1,2,3 e 4 do artigo 60 do RSLG.

No que se refire ao disposto no artigo 39.d) apartado primeiro da LSG e 61.1 do RLSG, considero que non se ten xustificado a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situar as edificacións en solo con cualificación idónea, no presente caso nos solos de núcleo rural delimitados no PXOM vixente.

O resto de apartados do artigo 39.d) da LSG e do artigo 61 do RLSG considero que están xustificadas nos documentos que compoñen o proxecto presentado e demais documentación complementaria. Conclusións: Visto o exposto anteriormente e considerando os incumprimentos expostos nos apartados 1.2 e 2.3 do presente informe, infórmase desfavorablemente a licenza solicitada, no que se refire aos asuntos da miña competencia>>.

- Con data 06.03.2023 emitíuse informe xurídico desfavorable á concesión da licenza.
- Con data 06.03.2023 deuse traslado á interesada dos informes técnico e xurídico, e conferíuse prazo para a formulación de alegacións.

Mediante escrito achegado telemáticamente (WEB 2023001846 do 16.03.2023) incorporouse ao expediente:

- Escrito de alegacións asinado por don Alejandro Rodríguez Miguéns e don María Adriana Honorato en data 16.03.2023.

Co devandito escrito achéganse:

- Contestación á consulta formulada por don Alejandro Rodríguez Miguéns emitida polo Organismo de Turismo e asinada por don Ivan Meléndez Medela en data 09.03.2023.
- Xustificación do cumprimento do Art. 39.d)1 da Lei 2/2016, de decembro, do Solo de Galicia asinada polo arquitecto don José María Fernández Dapena en data 16.03.2023.

- Con data 29.03.2023 o arquitecto técnico municipal informa:

“ (...)Alegación Primeira.- Sobre o cumprimento do artigo 6.3 do Decreto 159/2019. Como xa se indicou en informes anteriores a lei 18/2021, do 27 de decembro de 2021, de medidas fiscais e administrativas, no seu artigo 7, modificou a lei 2/2016 do Solo de Galicia no apartado d) do número 1 do artigo 35, quedando redactado como segue.

“d) Campamentos de turismo coas obras, servizos e instalacións previstas na normativa vixente en materia de turismo, así como zonas especiais de acollida para autocaravanas e caravanas en tránsito, conforme o establecido na devandita normativa ,...”

Como se expón na resposta á consulta formulada a Turismo de Galicia, e que se acompaña coa alegación:

“ (...) compre aclarar que o novo decreto de campamentos de turismo (o decreto 159/2019, do 21 de novembro), non esixe que as instalacións estables tipo bungaló ou

móbil homes teñan que dispoñer de cociña, ...”

Polo tanto a normativa vixente en materia de turismo non establece a esixencia da instalación de cociña nas instalacións estables contempladas no artigo 6.3 do Decreto 159/2019.

Visto o anterior, proponse desestimar a alegación primeira.

Alegación segunda.- Sobre a xustificación do artigo 36.d.1 da Lei do Solo de Galicia 2/2016.

Coa alegación achégase escrito asinado polo técnico redactor do proxecto don José María Fernández Dapena no que se expoñen diversas consideracións sobre a parcela elexida para a implantación do campamento de turismo que, sendo certas, nalgúns casos, non comparto a afirmación de que a localización en solo de núcleo rural resulta imposible para dar soporte o proxecto nos termos plantexados, nin que se vincule dita viabilidade a unha cuestión de rentabilidade económica, ou que a parcela en cuestión é a única propiedade de que dispón a promotora.

En canto ao indicado no devandito artigo 39.d.1 sobre a xustificación da imposibilidade ou inconveniencia de situar as edificacións en solo con cualificación idónea, no presente caso nos clasificados como solo de núcleo rural delimitados no PXOM, non se acredita no escrito presentado dita imposibilidade; pola contra, dunha análise da planimetría do PXOM conclúese que existen nas proximidades solos de núcleo rural vacantes nos que resulta viable a implantación das cabañas que se contemplan no proxecto técnico.

Visto o anterior, proponse desestimar a alegación segunda.

Así mesmo estimo conveniente facer constar as seguintes consideracións:

- *A exposición de motivos da lei 2/2016 do solo de Galicia indica para o solo rústico que é merecedor de ser salvagardado de usos que non sexan consubstanciais co seu carácter ou que poidan dispor doutro emprazamento, e limita da mesma maneira o uso do solo rústico de especial protección e de protección ordinaria.*
- *O artigo 142 da lei do solo de Galicia establece os actos sometidos a licenza municipal.*
- *A concesión do título administrativo habilitante municipal para usos e actividades a implantar en solo rústico é de competencia do Concello.*
- *Para o uso que se pretende xustificar no proxecto (Art, 35.d) non resulta preceptiva a autorización da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.*
- *Segundo o disposto no artigo 143 da lei do Solo de Galicia.*
- *As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico.*
- *A competencia para outorgar licenzas corresponde aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local.*
- *Para o outorgamento da licenza serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa lexislación urbanística “...”*

- Con data 10.04.2023 emítase informe xurídico no que se conclúe:

1.- Cumprimento do proxecto presentado no que se refire ao Decreto 159/2019.

Como xa se manifestou en informes anteriores, do previsto no **Art. 35.1.d) da LSG** infírese que os campamentos de turismo a implantar en solo rústico só poderán contar coas instalacións e servizos previstos expresamente no **Decreto 159/2019**.

Na medida que a propia resposta dada polo organismo competente en materia turismo, asinada o 09.03.2023 por don Iván Meléndez Medela, á consulta formulada polo solicitante da licenza, veu a confirmar que entre as dotacións coas que deben contar con carácter imperativo as instalacións estables tipo bungaló ou Mobil-home non se atopan as cociñas, débese concluír que tales instalacións estables só poderán contar coas dotacións contempladas no **parágrafo segundo do Art. 6.3 do Decreto 159/2019** << *As instalacións estables tipo bungaló ou mobil home deberán contar polo menos con conexión de subministración eléctrica e toma de auga apta para o consumo humano. A capacidade das instalacións estables non poderá ser inferior a 6 metros cadrados por praza e un máximo de 8 prazas. Deberán contar, ademais, con aseo propio e ventilación directa. Estas instalacións estables non poderán ocupar máis do 80 % da superficie total da parcela*>>.

2.- Cumprimento do proxecto achegado no que se refire á LSG.

Como vense a destacar na recente **Sentenza do Xulgado Contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra nº 34/2023, do 2 de febreiro (Procedemento Ordinario nº 190/2021)**, ditada nun procedemento no que foi parte o Concello de Vilagarcía de Arousa, a competencia para o outorgamento de licenzas urbanísticas en solo rústico reside no ente municipal “ *Se considera así correcta la denegación de la licencia por el Concello de Vilagarcía partiendo de la interpretación finalista y sistemática del referido artículo 35.1.m) LSG, considerando animismo el ámbito y la autonomía competencial municipal en el ámbito de otorgamiento de licencias urbanísticas y en la interpretación y aplicación del planeamiento general*”

O que resulta plenamente coherente co manifestado na propia exposición de motivos da LSG cando se di “ *En canto aos procedementos para implantar os usos admisibles en solo rústico, co fin de garantir unha maior autonomía municipal, a lei, con carácter xeral, suprime a necesidade de obter autorización urbanística autonómica, sendo suficiente co título habilitante municipal*” .

O feito de que no expediente obren informes ou autorización sectoriais non enerva a competencia municipal de natureza urbanística, polo que o Concello, en exercicio da mesma pode denegar de forma motivada a licenza ao marxe e con independencia dos informes/autorizacións sectoriais, cando o proxectado non se axuste a normativa urbanística de aplicación.

Neste caso debe terse en conta o réxime previsto na **LSG** para o **Solo Rústico**, dada a falta de adaptación do **PXOM** vixente á **LOUGA** e á **LSG**.

Como xa se sinalou no informe xurídico emitido o 06.03.2023 o uso proxectado – implantación de campamento de turismo – non se atopa entre aqueles que, de conformidade co previsto no parágrafo final do **Art. 39.1.d) da LSG** e no mesmo senso no **Art. 61.1 do RLSG**, o lexislador urbanístico autonómico eximiu de xustificar cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situarse en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea.

Tal idoneidade deberá ser valorada con ocasión do outorgamento da autorización municipal (licenza) como se destacou en recente **Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección2ª)** núm. 75/2022 do 15 de febreiro. JUR

2022\111400 , <<(…)lógicamente, tiene carácter previo a la posible autorización municipal de las edificaciones que comporte y que, solo en el caso de que llegue a aprobarse el plan especial, habrían de cumplir los parámetros y condiciones de implantación establecidos en el Art. 39 de la Ley y Art. 61 del Reglamento, entre ellos la justificación de lo razonable del emplazamiento y la imposibilidad o inconveniencia de ubicarlo en suelo urbano o urbanizable>>.

Tal necesidade de motivar a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situarse en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea foi posta en coñecemento do interesado con ocasión do traslado dos informes técnicos e xurídicos.

A Xustificación do cumprimento do Art. 39.d)1 da Lei 2/2016, de decembro, do Solo de Galicia asinada polo arquitecto don José María Fernández Dapena en data 16.03.2023 non permite ter por atendida tal esixencia de motivación reforzada (non pode obviarse que como se destaca na propia exposición de motivos da LSG o solo rústico é merecente de ser salvagardado de usos que non sexan consubstanciais co seu carácter ou que poidan dispoñer doutra localización).

E iso por canto nos atopamos ante un escrito no que o técnico redactor limitase a realizar unha serie de afirmación xenéricas sen ofrecer datos reais e obxectivos que as soporten, tal e como se ten esixido polos tribunais.

Neste senso pode traerse a colación o manifestado en **Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do Contencioso-administrativo, Sección 1ª) nº 552/2004, de 24 de xuño, JUR 2005\194400** <<El supuesto enjuiciado constituye una clara manifestación del contenido positivo que puede otorgarse al suelo rústico común en orden a su aprovechamiento subjetivo, si no fuese porque la parte actora no aporta datos suficientes que acrediten la inexistencia e idoneidad de suelo distinto al de autos en el término municipal capaz de asumir el desarrollo de la actividad objeto de legalización. El interés público de una actuación no se constriñe a sectores o actividades determinadas, sino que "ampara potencialmente a todo tipo de instalaciones sin especificar el fin concreto a que pueda ser dedicadas", de manera que "una vez constado en interés público, la instalación podrá dedicarse a cualquier fin o actividad donde quepa la presencia de semejante interés, habida cuenta de la necesidad de su emplazamiento en el medio rural" (STS 15.XII.1988; Ar. 9962, entre otras). El incremento de puestos de trabajo, la demanda de la actividad industrial a desarrollar, pero también su ubicación condicionada por la inexistencia de suelo urbanizable en el municipio de referencia así como de una reserva industrial pudieran justificar la presencia del interés público así como la aptitud objetiva de la actividad desarrollada, siempre que todos los motivos invocados y en los que el actor fundamenta su petición, viniesen/apoyados por datos reales y objetivos y no por declaraciones genéricas, en las que lo único que se pone de manifiesto es la condición de pequeño taller de la construcción objeto de legalización>>.

Tampouco se xustifica no escrito achegado a inexistencia de terreos clasificados polo planeamento urbanístico como solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural que poidan servir de soporte a implantación proxectada , tal e como se esixiu en **Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección2ª) núm. 159/2018 do 19 abril. RJCA 2018\752** << (...) c) Habrá de justificarse cumplidamente la idoneidad del emplazamiento elegido y la imposibilidad o inconveniencia de ubicarlas en suelo urbano o urbanizable con calificación idónea. Tal justificación no será necesaria cuando se trate de las construcciones señaladas en el artículo 33º.2, letras a), b) c), d) y f).". como no es ninguno de estos supuestos, se hizo precisa la justificación del emplazamiento en la forma llevada a cabo. Es cierto que inicialmente, la existencia de otra edificación no permitía el cumplimiento de las condiciones del artículo 42.1. Y también se consideró, folio 163, que no quedaba justificada la idoneidad del emplazamiento elegido y la imposibilidad o inconveniencia de situarla en suelo

urbano o urbanizable con cualificación idónea. Pero ahora ya no hay vivienda, en la finca de reemplazo, y se ha justificado la inexistencia de suelo urbano o urbanizable. También a la justificación del emplazamiento se refiere la Circular informativa 2/2003, de 31 de julio (LG 2003, 260) , sobre el régimen de autorizaciones en suelo rústico : "c) Si es el caso, justificación de la idoneidad de la localización elegida y de la imposibilidad o inconveniencia de situar la edificación en otra clase de suelo con calificación idónea (artículo 44.1.b). Y en esta parroquia no hay suelo urbano, urbanizable o de núcleo rural -informe del folio 227-, teniendo la totalidad del suelo la clasificación de suelo rústico .

Vistos os informes citados, se **INFORMA DESFAVORABLEMENTE** a solicitud de licencia municipal de obras para instalación de campamento de turismo en Rúa dos Lombos, nº 8, Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) con Referencia Catastral: 36060A0080009630000GO.

PRP2023/1355

Con data 23/03/2021 D. Manuel Santiago Bermúdez en representación de PETROPRIX ENERGÍA SL, presenta solicitud de licencia para a construcción dunha Estación de Servicio na Avda. de Cambados nº 59, con referencia catastral 8553806NH1185S0001LL, achegando "Proxecto único industrial y de construcción de una gasolinera para distribución minorista de combustible", redactado polo Enxeneiro Técnico Industrial D. Daniel Contreras Castiblanques con data de visado 30/05/2019.

Con data 01/09/2021 o arquitecto técnico municipal informou:

" (...)

Os terreos nos que se pretende a implantación da gasolinera están incluídos en solo urbano regulado pola Ordenanza nº 4 do PXOM vixente "Residencial 4 – (R-4)".

Dentro dos usos permitidos desta Ordenanza non figura o de Categoría 4ª: Estacións de Servizo. O proxecto que se achega contén unha xustificación urbanística sobre a implantación dunha estación de servizo ó amparo da Real Decreto Lei 4/2013 de 22 de febreiro de medidas de apoio o emprendedor y de estímulo do crecemento e dá creación de emprego, no presente caso e a día de hoxe, na zona na que se pretende a implantación da estación de servizo non existe establecemento comercial individual ou agrupado, centro comercial etc.

Consta autorizada a licencia de obras para construcción de nave comercial por resolución de Alcaldía de 15/02/2018, que ocupa a totalidade da parcela Z-2.1 do proxecto de compensación da UEI-22.

Por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 25/06/2021 recepcionouse a urbanización do ámbito da UEI-22.

Con data 3/12/2018 (R.E. 2018012752) achégase solicitud de licencia para modificado de proxecto, atopándose nestes intres en tramitación.

Polo tanto, a día de hoxe, considérase que o proxecto remitido non resulta compatible co planeamento urbanístico e demais normativa de aplicación.

A implantación dunha estación de servizo ó amparo da lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego require que se cumpla o disposto no artigo 40, cousa que a día de hoxe non se produce."

Con data 04/10/2023 emítese informe xurídico que dí:

"(...)

Mediante escrito achegado telemáticamente (WEB 2021006640 do 27.09.2021) a interesada presenta un escrito de alegacións no que ven a manifestar que no expediente URB-2016-86 a propietaria da parcela procedeu a solicitar unha modificación da licencia outorga por Resolución de Alcaldía do 8.02.2018 , para reservar o espazo necesario para albergar na mesma a instalación que se pretende instalar por " Petroprix Energía, S.L", polo que solicita que unha vez outorgada a modificación da licencia se proceda a outorgar a licencia solicitada por " Petroprix Energía, S.L"

Por Resolución de Alcaldía do 14.03.2023 acordouse aceptar o desistimento presentado por don Carlos Matovelle Gómez, en representación de CENTRO NEGOCIOS CANCELAS, S.L , da modificación da licenza outorgada por Resolución de Alcaldía do Concello de Vilagarcía de Arousa do 08.02.2018, que facía referencia a un modificado da nave de uso comercial (Expte. URB/2016/86).

No escrito polo que se formulaba a solicitude de desistimento víñase a poñer de manifesto a intención da propiedade da parcela de executar as obras conforme o proxecto autorizado por Resolución de Alcaldía do 8.02.2018.

(...)

Conclusiones:

A vista do informado polo arquitecto técnico municipal con data 07.09.2021 e mesmo do manifestado pola interesada no seu escrito de data 27.09.2021 infírese que o outorgamento da licenza solicitada suxeitábase a previa modificación da licenza outorgada á propietaria da parcela por Resolución de Alcaldía do Concello de Vilagarcía do 08.02.2018 (Expte. URB/2016/86), por canto no modificado presentado reservase espazo para a instalación da estación de servizo.

Na medida que a propietaria da parcela desistiu da solicitude de modificación da licenza outorgada por Resolución de Alcaldía do Concello de Vilagarcía do 08.02.2018, o que lle foi aceptado por Resolución de Alcaldía do 09.03.2023 (Expt. URB/2016/86), procedería denegar a licenza solicitada para a instalación da estación de servizo.

É por iso que, **INFÓRMASE DESFAVORABLEMENTE** a solicitude da preceptiva licenza municipal para a instalación dunha estación de servizo nunha parcela sita en Avenida de Cambados, nº 59.

PRP2023/1281

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Bertino Velasco Torre en representación de CORPORACIÓN ALIMENTARIA PEÑASANTA SA, para obras de instalación de lousa de formigón para depósito de lodos en Os Martices, s/n Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) Ref. Catastral: 0761033NH2106S0001IH, segundo “Proxecto básico e de execución de Lousas de formigón para soporte de depósito de almacenamento de lodos en industria láctea- separata para Augas de Galicia”, redactado polo enxeñeiro técnico industrial don Manuel Lombardía Pereira, con visado colexial de data 08.08.2022 e con suxeición á Resolución da Directora de Augas de Galicia do 30.01.2023 .

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen

disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.

- Rematada as obras deberá achegarse certificado final de obras asinado polo director facultativo. (Expte. URB/2022/000440)

COMUNICACIÓNS APERTURAS ESTABLECEMENTOS

PRP2023/1286

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade da licenza outorgada por Resolución de Alcaldía de data 29/09/1986 a Dna. María Dolores Cores Costoya, para posta en funcionamento da actividade de cafe-bar 4ª categoría na Rúa victor Pita nº 6. (Ref. Cat. 7452901NH1175S0001FG), quedando subrogado D. Pablo Bouzas Gonzalez, na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....."

Aceptar a declaración responsable de asimilación á actividade de III.2.5.3 Bares do Decreto 124/2019, asinada dixitalmente o 15/02/2023 (Expte. ACTI/2022/000053)

PRP2023/1341

Informar favorablemente o arquivo da comunicación previa de cambio de titularidade de establecemento solicitada por LONGARES DENTAL SL, para consultas clínicas de estomatoloxía e odontoloxía na Rúa Arzobispo Lago nº 1, xa que non consta o outorgamento da preceptiva licenza municipal de obra nin comunicación previa de actividade e consecuentemente non existe título habilitante que poida ser obxecto de transmisión. (Expte. ACTI/2021/000125)

PRP2023/1342

Dáse conta do erro detectado na Resolución de Alcaldía de data 15/07/2021 de comunicación de cambio de titularidade dun establecemento na Rúa Alameda nº 1 Bx., quedando redactada da seguinte maneira:

"Primeiro:

Aceptar a comunicación de cambio de titularidade da licenza outorgada por Decreto de Alcaldía do Concello de Vilagarcía de Arousa do 15/12/1994 a LOLIÑA SL, para posta en funcionamento da actividade de RESTAURANTE 2 GARFOS en Rúa Alameda nº 1 Bx. - Carril, quedando subrogada Dna. Raquel Lijó Bouzas, na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....." (Expte. ACTI/2021/000074)"

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:20 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.